

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 29 DE SETEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se modifica o Decreto 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da próxima información pública do proxecto de explotación do contrato de concesión do servizo público de transporte público de uso xeral por estrada XG847 – Comarca do Barbanza.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, da reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. Importe de licitación: quince millóns oitocentos trinta e seis mil novecentos doce euros (15.836.912,00€). Valor estimado: corenta e cinco millóns setecentos oito mil catrocentos trinta e dous euros (45.708.432,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da aprobación inicial do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial do parque empresarial de Fragamoreira, no concello de Poio (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN XERAL

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado da vía de alta capacidade (VAC) Tui - A Guarda. Enlace completo co polígono de Areas. Punto quilométrico (P.Q.) 0+630, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón cincocentos dezaoto mil seiscientos corenta e sete euros con noventa e sete céntimos (1.518.647,97 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco con varios empresarios, da subministración sucesiva dos medicamentos Idecabtagen Vicleucel e Ciltbagtagen Autoleucel para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de noventa e nove millóns catrocentos noventa e nove mil cento sesenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (99.499.165,88€).
- Acordo polo que se toma razón do balance do Plan de contratación centralizada de material sanitario e previsión de contratación centralizada de medicamentos de farmacia hospitalaria do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello do Pereiro de Aguiar para levar a cabo a 2ª fase da restauración da vivenda de Ben Cho-Shey, por importe de douscentos quince mil euros (215.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade da Coruña para o Plan da cultura marítima de Galicia-Horizonte 2030 (Pcuma), por un importe total de trescentos catorce mil oitocentos corenta e catro euros con corenta e dous céntimos (314.844,42 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre actuacións de promoción da Axencia de Turismo de Galicia para o terceiro cuadrimestre de 2025.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as actuacións do voluntariado en espazos protexidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o alumnado matriculado nas ensinanzas de formación profesional no curso 2025/26.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a ampliación da rede de unidades de atención temperá de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima información pública do proxecto de fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-303. Treito: Tarrío e Arén, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón catrocentos trinta e nove mil catrocentos cincuenta e dous euros con setenta e sete céntimos (1.439.452,77 €).
- Informe sobre as axudas para a rehabilitación de edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino o alugamento social.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a licitación da redacción dos proxectos básicos e de execución para o acondicionamento dos locais destinados ás oficinas de emprego en Sarria, Ourense (A Ponte), Santiago (centro) e Ferrol (centro).
- Informe sobre a licitación da obra de adecuación do local da oficina de emprego e polo de emprendemento de Monforte de Lemos

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución de concesión das axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para o ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O PRAZO PARA SOLICITAR AXUDAS POR DANOS DE INCENDIOS FORESTAIS CO OBXECTIVO DE INCLUÍR AOS AFECTADOS NOS LUMES REXISTRADOS TRAS O VERÁN

- Rueda anuncia que as achegas poderán pedirse “ata o vindeiro 30 de outubro”
- Deste xeito, os afectados por incendios rexistrados en setembro e outubro poderán acceder a axudas para paliar danos en vivendas, explotacións agrogandeiras ou negocios

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe modificar o decreto 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectaron a Galicia durante o verán de 2025 co obxectivo de que tamén poidan acceder a estas achegas “os danmificados por incendios máis recentes” ou os que poidan rexistrarse nas vindeiras semanas.

O Executivo autonómico puxo en marcha a finais de agosto un paquete de axudas para paliar os danos producidos en vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios, empresas ou concellos a causa da vaga de lumes que afectou á comunidade o pasado verán. “Son moitas as que xa están abonadas”, indicou o presidente. En concreto, 19 foron para propietarios de vivendas afectados; outras 13 para paliar os danos en Terreos Cinexéticamente Ordeados (Tecores) e catro para negocios afectados.

Coa modificación do decreto hoxe aprobada poderán beneficiarse destas achegas non só os afectados polos lumes do verán senón os que sufran algún dano polos incendios rexistrados a partir do 29 de agosto e ata finais de outubro.

Para iso, tal e como explicou o presidente, “o prazo para solicitar estas axudas vaise ampliar ata o vindeiro 30 de outubro”. Deste xeito, poderán acceder a estas achegas os que tras os lumes do verán aínda non puideron recompilar toda a documentación necesario ou os afectados por incendios que se rexistren ata esa data. “Se fose necesario volveríase a ampliar o prazo”, indicou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SOMETE A INFORMACIÓN PÚBLICA O PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DO TRANSPORTE REGULAR NA COMARCA DO BARBANZA

- Créase unha liña directa por autoestrada entre Ribeira e Santiago con 30 servizos diarios de luns a venres e frecuencia cada hora en ambos os sentidos e unha liña comarcal entre Aguiño e Rianxo con 60 servizos diarios de luns a venres e frecuencias de ata unha hora en ambos os sentidos
- A planificación responde a demandas locais e mellora o acceso a servizos esenciais como a sanidade e a educación

O Consello da Xunta vén de tomar razón do sometemento a información pública do proxecto de explotación do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada da comarca do Barbanza. Deste xeito, o Goberno galego redeseña os servizos para atender as necesidades reais de mobilidade da comarca, coa mellora das conexións na bisbarra e con Santiago de Compostela. Así, incorpóranse dúas liñas directas entre Ribeira e a capital galega e unha comarcal entre Aguiño e Rianxo. Tamén se engaden máis vehículos e con maior capacidade, e increméntase o investimento da Xunta.

O proxecto de explotación prevé un investimento por parte da Administración autonómica de 3 millóns de euros anuais, o que supón un orzamento total de máis de 15 millóns de euros polos cinco anos polos que se establece a duración da concesión. Contará cun total de 48 vehículos destinados a dar servizo á zona, cinco máis que os actuais. Ademais, para adecuar a capacidade do servizo á demanda existente, a maioría dos autobuses terán máis de 55 prazas, cun total de 28 destes vehículos, o que supón 21 máis ca na concesión actual. Canto ao volume de servizos, unha vez recalculados os itinerarios, circulacións e expedicións, a cifra de vehículos-quilómetros efectivos de produción supera os 3 millóns. Trátase dos quilómetros que computan como servizo útil prestado incluíndo os treitos en baleiro e derivados dos axustes pola demanda e optimización da rede de rutas.

No que se refire á reestruturación dos servizos con Santiago de Compostela, prestaranse, por unha parte, nunha liña directa por autoestrada entre Ribeira e a cidade con 30 servizos ao día con frecuencias cada hora, e nas fins de semana e festivos haberá 18 servizos con frecuencias de ata dúas horas. O servizo prestarase todos os días dende as 06,00 ata as 22,15 horas.

En seis servizos ao día de luns a domingo, esta liña contará con paradas na Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo, e tamén nos hospitais de Santiago de Compostela, en horarios adaptados ás quendas do persoal sanitario, facilitando a entrada e saída nas xornadas de traballo de mañá, mediodía e noite.

O proxecto de explotación incorpora unha nova liña comarcal entre Aguiño e Rianxo, que vertebra o sur da comarca do Barbanza e permite conectar os núcleos desta zona e facer transbordo coa liña por autoestrada cara a capital galega. De luns a venres laborables, a liña ofrecerá 60 servizos ao día e nas fins de semana e festivos, 36. Así,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

establécense saídas tanto desde Aguiño como desde Rianxo cunha frecuencia de ata unha hora entre semana e de ata dúas horas os sábados domingos e festivos, asegurando os enlaces cos servizos directos. O servizo realizarase entre as 5,35 e as 23,00 horas.

Co redeseño, todos os núcleos do sur da comarca do Barbanza quedarán conectados cunha elevada frecuencia de servizos tanto no ámbito intracomarcal como na conexión con Santiago de Compostela.

Os servizos proxectados mellorarán tamén o resto das conexións da bisbarra. Refórzanse os servizos cara ao Hospital do Barbanza e amplíase o itinerario ata Rianxo, municipio que non conta actualmente con conexión directa co hospital. Ademais, adáptanse os horarios tanto para o persoal sanitario como para as persoas con citas médicas ou visitas.

Refórzanse as liñas que conectan o IES núm. 1 e o IES Leliadoura, de Ribeira, para mellorar a atención de todo o alumnado, a través de novos itinerarios e servizos axustados aos horarios dos centros e dunha mellor repartición do alumnado con reserva de praza nos autobuses.

O proxecto tamén incorpora novos servizos que melloran a mobilidade nos concellos de Dodro, Padrón e Rois, creando dúas novas liñas: unha entre Bexo e Santiago de Compostela, que terá paradas nos hospitais, con dez servizos diarios que permiten manter unha comunicación fluída ao longo de toda a xornada; e outra que conectará Padrón e Dodro con Rianxo, facilitando así o acceso á liña comarcal que comunica os concellos do Barbanza. Ademais, establécese unha liña específica para garantir o transporte do alumnado de Dodro que estuda nos institutos de Padrón.

No eixo Ribeira-Noia-Santiago introdúcense axustes nas liñas existentes para mellorar a coordinación cos horarios do alumnado de instituto e reducir os tempos de espera, atendendo as solicitudes recibidas tanto por parte dos concellos coma dos usuarios. A conexión entre as comarcas do Barbanza e Noia tamén se optimiza, adaptando frecuencias e horarios ás necesidades actuais.

Con esta proposta, a Xunta reestruturará o transporte interurbano na comarca ofrecendo unha mellor adecuación ás necesidades de desprazamento da cidadanía da bisbarra. Os servizos proxectados permitirán conectar con maior facilidade e comodidade a comarca do Barbanza coa capital galega, ao tempo que mellora a accesibilidade aos servizos esenciais como a sanidade e a educación, e o traballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA A REDE PÚBLICA DE ATENCIÓN RESIDENCIAL A PERSOAS MAIORES CUN NOVO CONTRATO PARA O MANTEMENTO DE PRETO DE 300 PRAZAS

- A duración inicial é de dous anos, ata decembro de 2027, e poderase prorrogar ata un máximo de cinco.
- O orzamento base de licitación é de 15,8 M€ e o valor estimado, tendo en conta o período máximo de execución, é de 45,7 M€

O Consello da Xunta autorizou o inicio dos trámites para a licitación do contrato de reserva e ocupación de 298 prazas de atención residencial para persoas maiores en 14 concellos da comunidade. A duración inicial do contrato é de dous anos, ata decembro de 2027, e poderase prorrogar ata un máximo de cinco. O orzamento base de licitación é de 15,8 millóns de euros e o valor estimado do contrato, tendo en conta o período de execución máxima previsto coas prórrogas, é de 45,7 millóns de euros.

O obxectivo deste contrato é a consolidación da rede pública residencial, pois non se trata da creación de novas prazas, senón do mantemento de prazas xa contratadas nas provincias de Ourense, Pontevedra e Lugo. A distribución das prazas por concellos é a seguinte: 3 no concello da Peroxa, 11 no da Rúa, 52 no da Arnoia, 14 no de Guntín, 4 no de Ourense, 21 no da Veiga, 12 no de San Cristovo de Cea, 3 no de San Xoán de Río, 7 no de Vilamarín, 116 no de Vilamartín de Valdeorras, 7 no da Cañiza, 15 no de Covelo, 10 no de Pazos de Borbén e 23 no de Ribadumia.

Tras a autorización do Consello da Xunta, publicarase o anuncio de licitación na Plataforma de contratos públicos de Galicia e no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE), e concederase un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas. As entidades licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) ou rexistro equivalente. Así mesmo, deberán dispoñer de centros situados nos concellos a que se dirixe este contrato de reserva e ocupación de prazas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA CREACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE FRAGAMOREIRA, NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE POIO, QUE CONTARÁ CUNHA SUPERFICIE DE 373.416 M²

O Goberno galego toma razón da aprobación inicial do Plan estruturante de solo empresarial (PEOSE), que prevé un investimento de 29,9 millóns de euros.

O Consello da Xunta tomou razón na reunión celebrada hoxe do inicio da tramitación do proxecto para o desenvolvemento do parque empresarial de Fragamoreira, no concello pontevedrés de Poio, que contará cunha superficie total de 373.416 metros cadrados e un investimento de 29,9 millóns de euros.

O novo ámbito, promovido por Xestión do Solo de Galicia (Xestur), no marco do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, arranca coa aprobación inicial do Plan estruturante de solo empresarial (PEOSE), do que se deu conta no Consello unha vez superado o trámite ambiental.

O parque empresarial de Fragamoreira está localizado nun lugar idóneo e estratéxico a carón da cidade de Pontevedra e con comunicacións ao porto de Marín, á autoestrada AP-9, a Vilagarcía de Arousa e á comarca do Salnés, unha zona con alta demanda por parte dos emprendedores. Contará con todos os servizos necesarios para o asentamento das empresas, como é o acceso á rede eléctrica de media e baixa tensión, urbanización das parcelas ou redes de abastecemento, entre outros.

A construción deste parque empresarial vén sumarse á estratexia da Xunta para ampliar o solo industrial na provincia de Pontevedra, na que actualmente están en tramitación os PEOSE dos parques empresariais de Toedo (A Estrada), a ampliación do parque empresarial do Campiño (Pontevedra), o parque empresarial de Louredo (Mos-Redondela), a ampliación do parque empresarial do Pousadoiro (Vilagarcía de Arousa) e a ampliación da MI da Plisan (Salvaterra-As Neves). A eles súmanse o proxecto de urbanización do parque empresarial de Lalín 2000 e o proxecto de reurbanización da central de transportes e terminal intermodal de Ponte Caldelas.

En definitiva, o Goberno galego está a impulsar case tres millóns de metros cadrados de solo empresarial na provincia pontevedresa, que nos vindeiros anos se porán á disposición do seu tecido empresarial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA PECHOU 2024 CO 100% DO ORZAMENTO EXECUTADO E REDUCIU A DÉBEDA EN 234 M€

- Rueda salienta que o documento confirma a solvencia das contas autonómicas
- A Conta Xeral presentada hoxe no Consello mostra que Galicia acadou un superávit do 0,23% do PIB, obtendo unha capacidade de financiamento de 191 M€
- A débeda da comunidade situábase, en 31 de decembro, no 14,5% do seu PIB autonómico, superando o obxectivo do 14,9% que o Goberno galego tiña fixado inicialmente
- Destaca que Galicia segue a ser referente entre as comunidades que máis rápido pagan aos seus provedores ao rematar 2024 cun período medio de pagamento de 17,32 días, fronte aos 31,15 días de media das CC.AA.
- Sinala que no 2024 a Comunidade experimentou un grande aumento do aforro bruto, acadando un total de preto de 1.577 M€, o que permite destinar máis recursos a investimentos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que a Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2024 amosa que Galicia pechou o ano co 100% do orzamento executado – case 900 millóns de euros máis que en 2023- e logrou reducir a súa débeda en 234 millóns. Un documento que, segundo resaltou, confirma “a solvencia” das contas autonómicas.

Tal e como explicou o presidente, a Conta Xeral destaca tamén que Galicia acadou “un superávit do 0,23% do PIB”, obtendo unha capacidade de financiamento de 191 millóns de euros. Esta capacidade de financiamento compatibilizouse cunha execución do gasto non financeiro de preto do 100% dos créditos iniciais, aumentando preto de 853 millóns con respecto ao exercicio anterior.

Así mesmo, mostra que a débeda da Comunidade autónoma galega se situaba, en 31 de decembro, no 14,5% do seu PIB autonómico, cumpríndose o obxectivo máximo de débeda que o Goberno galego tiña fixado inicialmente e que era do 14,9%. A minoración da débeda foi de 234 millóns de euros, pasando de 12.170 millóns a finais de 2023 a 11.936 millóns a finais de 2024.

Rueda lembrou que proba da solvencia da Facenda económica é que no 2024 se rescataron catro autovías galegas, o que permitiu aforrar nos orzamentos futuros máis de 300 millóns de euros, xa que a partir deste ano non se aboa peaxe en sombra ás concesionarias.

O titular do Goberno galego tamén destacou que, segundo reflicte o documento, a Comunidade galega cumpre executando o orzamento con mellores indicadores que os territorios da súa contorna, cun crecemento do PIB do 2,8%, medio punto máis do previsto, acadando un nivel do PIB 9 puntos superior ao ano 2019, dous puntos máis que a media española, e coa menor taxa de paro desde 2008, dous puntos inferior á media de España.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, Galicia lidera un ano máis o esforzo investidor, cun 16,4% do gasto de capital sobre o gasto non financeiro, case o dobre da media.

Na Conta Xeral pódese apreciar que a nosa comunidade segue a ser referente entre as comunidades que máis rápido pagan aos seus provedores. En concreto, rematou o 2024 cun período medio de pagamento de 17,32 días fronte aos 31,15 días de media das comunidades autónomas.

Outra das magnitudes que permiten analizar a xestión orzamentaria e a sustentabilidade das finanzas públicas é o aforro bruto, medido como a capacidade de financiar gastos de capital con ingresos correntes. En 2024, Galicia experimentou un grande aumento do aforro bruto, acadando un total de preto de 1.577 millóns de euros, o que permite destinar máis recursos a investimentos.

Melloras na elaboración das contas

O documento destaca tamén a introdución de diferentes melloras na elaboración das contas, en resposta a varias recomendacións realizadas neste sentido polo Consello de Contas, entre as cales destacan a mellora na información dos beneficios fiscais que se inclúen na Conta, a remisión anual dun informe de seguimento dos expedientes de reintegro derivados das actuacións de control financeiro, a incorporación das certificacións bancarias das contas correntes dos habilitados, a ampliación da información da memoria da Conta Xeral do Sergas e a posta en funcionamento en xaneiro de 2025 do Rexistro de entidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA DOTAR A VAC TUI-A GUARDA DUN ENLACE COMPLETO CO POLÍGONO DE AREAS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 1,6 M€

- O obxectivo é a execución dos ramais en sentido Tomiño para completar os movementos do enlace de Areas, dentro da VAC Tui-A Guarda, mellorando as conexións do polígono situado neste punto
- O ramal de saída a Tomiño sitúase na marxe dereita da vía de alta capacidade e resolve o movemento de saída do polígono de Areas en sentido A Guarda
- O ramal de entrada localízase na marxe esquerda da VAC e resolve o movemento de saída da autovía en sentido Tui cara ao enlace de Areas
- Esta intervención súmase ao treito que unirá o enlace de Areas coa PO-350, entre Tui e Tomiño, cun investimento de máis de 17M€ e cuxas obras están avanzando

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto de trazado para dotar a vía de alta capacidade Tui-A Guarda dun enlace completo co polígono de Areas, que suporá un investimento de preto de 1,6M€. O Goberno galego tamén aprobou o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas.

A Xunta prevé seguir avanzando nesta tramitación para poder redactar o proxecto construtivo e licitar a execución das obras.

O obxectivo é executar os ramais en sentido Tomiño para completar os movementos do enlace de Areas, dentro da VAC Tui-A Guarda, mellorando as conexións do polígono situado neste punto.

A actuación consiste en duplicar o paso inferior baixo a autovía, cuxa execución está contratada no marco da obra do treito entre o enlace de Areas e a estrada PO-350.

O ramal de saída a Tomiño sitúase na marxe dereita da vía de alta capacidade e resolve o movemento de saída do polígono de Areas en sentido A Guarda. O ramal de entrada a Tomiño sitúase na marxe esquerda da VAC e resolve o movemento de saída da autovía en sentido Tui cara ao enlace de Areas.

Ademais, disporase unha senda peonil adxacente á vía de conexión co polígono que permita a circulación de viandantes de forma segura e sustentable.

Esta intervención súmase ao treito que unirá o enlace de Areas coa PO-350, entre os concellos de Tui e Tomiño, cuxas obras están avanzando.

Na actualidade está en servizo o treito da VAC Tui-A Guarda, entre Goián e A Guarda, cunha lonxitude de 10,15 km, que percorre os concellos de Tomiño, A Guarda e O Rosal, e que entrou en funcionamento en 2014, e o enlace coa autovía A-55 e o polígono de Areas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A XUNTA AFORRA 65 M€ EN TRES ANOS GRAZAS Á ESTRATEXIA DE COMPRAS CENTRALIZADAS E Á HOMOXENEIZACIÓN DO MATERIAL SANITARIO

- Salienta a aposta da sanidade pública galega por “ofrecer os mellores tratamentos e dispositivos sen esquecer unha xestión responsable dos recursos”
- O conselleiro de Sanidade indica que o Goberno galego aforrou 34,5 M€ no último ano e medio pola compra conxunta de material para as sete áreas sanitarias
- O aforro acadouse a través de 11 contratos licitados por primeira vez de forma centralizada e na continuidade de 9 contratos centralizados
- Na actualidade están en fase de licitación 10 contratos centralizados adicionais, cunha previsión de aforro de máis de 5 millóns de euros
- O Sergas comezará a implementar tamén unha programación de contratación centralizada de medicamentos de farmacia hospitalaria para os anos 2025 e 2026, cun aforro estimado de 30,3 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que “as compras centralizadas de material e medicamentos” para as sete áreas sanitarias de Galicia “permiten un aforro de 65 millóns de euros en tres anos” sen renunciar a calidade dos mesmos. En concreto, o Servizo Galego de Saúde acadou un aforro de 34,5 millóns de euros no último ano e medio pola compra centralizada de material sanitario e implantes e está previsto outros 30,3 millóns de aforro por compras conxuntas de medicamentos ata 2026. Unha cifra que seguirá incrementándose a través de novas adquisicións conxuntas de produtos sanitarios que se realizarán durante este período de tempo como, por exemplo, os 5 M€ de aforro previsto con 10 contratos de compras centralizadas que están en proceso de licitación.

“Trátase de poñer a disposición dos galegos e galegas os mellores tratamentos, dispositivos e terapias sen esquecer unha xestión responsable dos recursos públicos”, indicou o presidente.

O Consello avaliou hoxe un informe sobre algunhas medidas levadas a cabo pola administración autonómica co obxectivo de mellorar a eficiencia económica. Tal e como explicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, a finalidade é apostar pola “sostibilidade económica e optimizar o sistema público de saúde” con iniciativas que permitan obter recursos para, por exemplo, poñer a disposición dos pacientes novas terapias o medicamentos.

Por unha parte, segundo o conselleiro, o Executivo autonómico logrou “ao longo de 2024 e no primeiro semestre do presente ano 34,5 millóns de euros grazas á estratexia de compras centralizadas e á homoxeneización de produtos e material sanitario no Servizo Galego de Saúde”. Concretamente, aforráronse 33,6 millóns de euros grazas á estratexia de compras centralizadas no Servizo Galego de Saúde, aos que hai que engadir o aforro doutros 863.284 euros como consecuencia da estratexia de racionalización e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

homoxeneización de produtos e material funxible sanitario adquirido polas sete áreas sanitarias.

Por medio da estratexia de compras centralizadas, licitáronse 20 contratos de material sanitario, de implantes e de material non sanitario, tal e como se recolle no informe da Consellería de Sanidade elevado hoxe ao Consello da Xunta.

O aforro acadado desagrégase en 11 contratos licitados por primeira vez de forma centralizada, que supuxeron un aforro de 22,7 millóns de euros, entre os que destaca a compra de equipamentos de protección individual (4,9 millóns de aforro), a subministración sucesiva de implantes de columna (aforro de 10,8 millóns) e a subministración de balóns de dilatación coronaria (aforro de 2,1 millóns).

A redución de gasto acadada tamén é consecuencia da continuidade de nove contratos centralizados, cuxo aforro acadou os 10,9 millóns de euros; neste punto destaca a subministración de implantes de marcapasos e desfibriladores (7,4 millóns de aforro) e a subministración sucesiva de equipamentos de cobertura cirúrxica (aforro de 2 millóns).

Previsión de aforro

No informe do departamento sanitario galego tamén se recolle que, na actualidade, están en fase de licitación 10 contratos adicionais, cunha previsión de aforro de máis de 5 millóns de euros, referidos a bombas de infusión, drenaxes cirúrxicas, sensores de monitorización, terapias continuas de depuración extracorpórea, hemodiálise, etc.

En consecuencia, a política de compras centralizadas do Servizo Galego de Saúde consolídase como unha ferramenta esencial para a eficiencia económica e a sustentabilidade.

Cómpre destacar que o modelo garante, en todo caso, o equilibrio entre o aforro e a calidade técnica dos materiais, evitando adxudicacións con produtos de baixa calidade.

A previsión do Goberno galego é seguir acadando aforros significativos, mantendo a estratexia de planificación, coordinación e contratación centralizada.

Cómpre remarcar que, no proceso de adquisición de material sanitario, o Servizo Galego de Saúde sitúa a calidade asistencial como prioridade estratéxica, garantindo sempre os requisitos de calidade técnica do material adxudicado, protexendo a excelencia do servizo sanitario e a seguridade dos pacientes, ao tempo que se optimizan os servizos públicos.

Compra centralizada de medicamentos

Cómpre sinalar, así mesmo, que o Servizo Galego de Saúde está a adoptar diversas medidas de sustentabilidade para contribuír ao financiamento da innovación terapéutica e farmacolóxica, á contención do gasto farmacéutico hospitalario, así como a conseguir aforros na compra dos fármacos destinados aos seus centros sanitarios. Para tal fin, entre outras medidas, elaborou unha programación de contratación centralizada de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medicamentos de farmacia hospitalaria para os anos 2025 e 2026 para a súa inmediata implementación.

Así mesmo, nos acordos de xestión que o Sergas asina coas áreas sanitarias incorpóranse indicadores para mellorar a eficiencia da prescrición extensibles a todos os profesionais sanitarios de calquera ámbito asistencial. Nesta liña, ante un fármaco idéntico, apóstase por prescribir o xenérico ou biosimilar ou, tal e como indicou o presidente, “axustar as doses ao que realmente precisa o paciente, en función duns criterios e non unha cantidade fixa”.

Desta forma, o aforro potencial estímase en 30,3 millóns de euros.

Neste marco, o Servizo Galego de Saúde prevé comezar a fabricar medicamentos CAR-T, coa conseguinte redución dos custos que supón na actualidade a adquisición destas terapias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COMPRA DE TERAPIAS AVANZADAS PARA O TRATAMENTO DO MIELOMA MÚLTIPLE NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta mantén o compromiso do Goberno galego de incorporar innovacións terapéuticas que contribúan a mellorar a saúde da cidadanía
- O acordo marco conta cun orzamento estimado de preto de 100 M€ para os catro anos máximo de vixencia que prevé o contrato, incluída a posible prórroga
- Adquiriranse medicamentos de terapia avanzada CAR-T indicados co obxectivo principal de frear a progresión da patoloxía e reducir os síntomas asociados
- A previsión é poder tratar máis de 250 pacientes
- O mieloma múltiple é unha enfermidade que se orixina na medula ósea, a segunda neoplasia hematolóxica máis frecuente
- A Xunta leva investido máis de 20 M€ en tratamentos con terapias CAR-T, dos que xa se beneficiaron 138 persoas

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación dun acordo marco para a subministración sucesiva, por un valor estimado de preto de 100 millóns de euros, dos medicamentos CAR-T indicados para tratar o mieloma múltiple, Abecma e Carvykti, con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

Na liña do compromiso da Consellería de Sanidade de incorporar aquela innovación terapéutica que contribúe a mellorar a saúde da cidadanía, a Xunta inicia os trámites da contratación de novas terapias avanzadas.

Estes medicamentos CAR-T teñen como obxectivo principal frear a progresión do mieloma múltiple, reducir os síntomas asociados e, con isto, mellorar a supervivencia dos pacientes. A estimación é poder tratar máis de 250 pacientes.

O mieloma múltiple é unha enfermidade que se orixina na medula ósea, concretamente nas células plasmáticas, que forman parte do sistema inmunolóxico ou de defensa do organismo e son as encargadas de fabricar as inmunoglobulinas.

O transplante autólogo de proxenitores hematopoéticos, é dicir, o transplante das propias células nai do paciente demostrou prolongar a supervivencia nos casos de novo diagnóstico nos pacientes que poden recibilo. En caso de recaída, empréganse varias liñas de tratamento con distintas combinacións de medicamentos antitumorais, entre os que se atopan os CAR-T, para pacientes adultos que son obxecto desta licitación.

O mieloma múltiple é a segunda neoplasia hematolóxica máis frecuente, cunha incidencia anual en 2020 en España, de 5,3-6,9 novos casos por 100.000 habitantes e unha prevalencia total de 8,9 en homes e de 7,4 en mulleres por 100.000 habitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acordo marco autorizado hoxe polo Consello da Xunta terá unha duración inicial de dous anos e poderá ser prorrogado por dous anos máis. O orzamento estimado achégase aos preto de 100 M€ para os catro anos máximos de vixencia que prevé o contrato, incluída a posible prórroga.

A Xunta leva investido máis de 20 M€ en tratamentos con terapias CAR-T, dos que xa se beneficiaron 138 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 115.000 € Á POSTA EN VALOR DA FIGURA DO ILUSTRE GALEGUISTA BEN-CHO-SHEY

- O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio co concello do Pereiro de Aguiar para a segunda fase da restauración da súa antiga vivenda
- A actuación busca poñer á disposición da cidadanía un espazo para a divulgación da figura e obra do célebre mestre e articulista
- O acordo encádrase no compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude por apoiar as infraestruturas e equipamentos culturais e promover o coñecemento da nosa historia

A Xunta destina 115.000 euros á segunda fase da restauración da vivenda de Ben-Cho-Shey, onde o ilustre galeguista viviu durante dez anos. Así se anunciou hoxe no Consello da Xunta, onde se autorizou o acordo co Concello do Pereiro de Aguiar, por un importe de 215.000 euros, para levar a cabo as obras do inmovible e poñer en valor esta figura.

Así, a actuación que se porá en marcha pretende recuperar a vivenda do mestre para poder dotar o edificio para un uso público. Farase mediante a restauración dos muros exteriores cos tratamentos necesarios, o saneado da estrutura portante, a substitución da cuberta inclinada de tella cerámica e a restauración das carpintarías exteriores do 1º e 2º andar.

Será nunha posterior fase onde se executen os acabamentos e as instalacións necesarias en cada un dos andares para permitir a súa apertura ao público. Este acordo enmárcase no compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de apoiar as infraestruturas e equipamentos culturais e promover o coñecemento da nosa historia.

Cómpre lembrar que a casa onde viviu Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben Cho Shey, na súa época de mestre na escola de Santa Marta de Moreiras, foi onde iniciou os traballos de investigación que acabou recollendo na obra *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensá*.

Ben-Cho-Shey foi un articulista sobranceiro que colaborou en importantes revistas con traballos de todo tipo: arqueolóxicos, etnográficos, históricos, pedagóxicos ou heráldicos, nos cales defendeu Galicia e a súa lingua. Coa restauración desta vivenda contarase cun lugar para a divulgación da figura deste ilustre galeguista, que se converterá nun lugar de referencia para o coñecemento e difusión do autor e da súa grande obra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O PLAN DE CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA ÁS ILLAS GALEGAS

- A través da adenda ao convenio que a Consellería do Mar asinou coa UDC para o desenvolvemento deste Plan, dotado con máis de 314.000 euros
- Este trámite do Goberno galego permítelle á Universidade coruñesa seguir liderando o esforzo de preservar e valorizar as estruturas vinculadas ao mar existentes nestes enclaves para as futuras xeracións

A Consellería do Mar inventariará as estruturas relacionadas coa actividade pesqueira e do mar das illas galegas no marco do Plan de Cultura Marítima de Galicia 2030 (PCUMA). Será a través da adenda autorizada hoxe polo Consello da Xunta ao convenio asinado en 2021 coa Universidade de A Coruña para o desenvolvemento deste Plan, e que eleva o investimento da Administración Autonómica a 314.844 euros.

Concretamente, esta acción permitirá a elaboración dun censo destes elementos existentes nas illas Cíes, Ons, de Tambo, de San Simón, Cortegada, Lobeiras, Sisargas, de Sálvora e de Rúa. Unha liña de acción que se suma á posta en marcha dunha plataforma que permite realizar un recorrido virtual polas Áreas Nai, é dicir, polo espazos marítimos nos que o pasado industrial está en completa sintonía coa contorna e que manteñen a identidade e memoria do que foron no seu día.

Presentado pola Consellería do Mar a finais do ano 2023, o PCUMA configúrase como unha base sólida para traballar na misión de conservación da cultura marítima da comunidade, situándose así como unha ferramenta pioneira e innovadora da que non hai precedentes noutros territorios. Deste xeito, esta adenda permite que a UDC siga liderando o esforzo de preservar e valorizar este legado para as futuras xeracións, consolidando a este Plan como unha referencia na posta en valor do legado patrimonial e cultural marítimo.

O inventario das illas galegas é, por tanto, outro dos principais horizontes de traballo que recolle o PCUMA do que a Consellería do Mar é a principal entidade impulsora. Ao longo de 2024 o desenvolvemento do mesmo incluíu a presentación á cidadanía do seu contido a través de recursos off line como mesas redondas e a edición dun libro impreso e on line, creándose a súa páxina web e redes sociais. Asemade, tamén se iniciou un censo coas testemuñas do patrimonio construído en relación aos oficios do mar existentes ao longo de toda a costa galega. Esta recompilación será presentada a finais de ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A PROMOCIÓN NO CUARTO TRIMESTRE DE 2025 CON 20 ACCIÓNS NOS MERCADOS AMERICANO, EUROPEO E XAPONÉS PARA REFORZAR A DESESTACIONALIZACIÓN

- O Consello da Xunta analizou a planificación de promoción turística para o último trimestre do ano, que inclúe a participación en dez feiras do sector
- O turismo internacional supón xa o 32,7% dos viaxeiros entre xaneiro e agosto, case 3 puntos máis que en 2024

O Consello da Xunta analizou este luns as actuacións previstas para o último trimestre do ano no marco do Plan de promoción turística de Galicia 2025. Segundo un informe realizado por Turismo de Galicia, entre setembro e decembro destacan unha vintena de accións previstas, nas cales se engloba a participación en diversas feiras e *workshops*, viaxes de familiarización e prensa e outras iniciativas especiais centradas na consolidación de produtos. Todas elas forman parte do plan de promoción de Turismo de Galicia en que a Xunta inviste este 2025 un total de 13M€.

Este conxunto de accións ten como obxectivo captar o interese dun visitante de alto nivel cultural, respectuoso coa contorna e con elevada capacidade de gasto. A Xunta inviste neste plan un total de 13M€ que destina á promoción do destino e que xa está dando os primeiros resultados. De xaneiro a agosto deste 2025, 4,7M de viaxeiros realizaron máis de 8,7M de noites, á espera de poder coñecer o dato dos viaxeiros aloxados no segmento extrahoteleiro. O turismo internacional gaña peso e xa representa o 32,7% nestes oito meses, case 3 puntos máis que ao peche de 2024.

En pleno desenvolvemento do plan de accións para este 2025, a Xunta intensifica o seu labor de promoción con actuacións dirixidas sobre todo a incentivar o interese dos mercados latinoamericano -Brasil e Colombia-, europeo -Francia, Italia e Reino Unido- e xaponés, dando a coñecer Galicia como un destino sustentable e de calidade e destacando as propostas de turismo enogastronómico, termal, náutico, de natureza e paisaxístico e tamén o Camiño de Santiago.

Promoción en feiras

Entre as actuacións previstas para os últimos meses do ano destaca a asistencia a diversas feiras e *workshops*. Desde Turismo de Galicia participarase en dez eventos deste tipo, algúns deles xa pechados durante o mes de setembro. É o caso da semana de Galicia na Exposición Universal de Osaka, realizada entre o martes 16 e o domingo 21, que contou con mostras da cultura musical e da gastronomía da comunidade; de Termatalia, a Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, organizada por Expourense en Paipa-Boyacá (Colombia) entre o 24 e o 26; da cita náutica Grand Pavois – celebrada do 23 ao 28 en La Rochelle (Francia)- ou de Tourism Expo Japan, a feira máis importante da zona Asia-Pacífico, que se desenvolveu do 25 ao 28 en Aichi (Xapón).

Precisamente, en 2024, 10.814 viaxeiros xaponeses visitaron Galicia facendo 16.521 noites nos establecementos hoteleiros de Galicia, o que supón un incremento do 5% na demanda con respecto ao ano 2023. O gasto deste mercado na Comunidade galega medrou un 11% en 2024 en relación co ano anterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No mes de outubro, Turismo de Galicia participará no certame de turismo para profesionais TTG Travel Experience, que se celebrará entre os días 8 e 10 en Rímini (Italia). A Xunta busca incrementar o peso do turista italiano, que supuxo o 1,8% do internacional en 2024

Xa en novembro, do 4 ao 6 viaxarase á cita, tamén para profesionais, World Travel Market de Londres, que chega á súa 46ª edición como unha das tres feiras de turismo de maior repercusión a nivel mundial. Os días 7 e 8, a Comunidade estará presente en Festuris, feira internacional profesional de Gramado (Brasil). Dentro de España, entre os días 13 e 16 de novembro acudirase a Intur, Feira Internacional do Turismo de Interior, que se desenvolve en Valladolid.

En Galicia celébranse dous eventos sinalados en novembro: Fairway -do 9 ao 11-, en Santiago de Compostela, evento profesional de carácter bienal que aborda o Camiño dende unha perspectiva global; e Xantar, único salón internacional de turismo gastronómico, do 20 ao 23 de novembro en Ourense.

Viaxes de familiarización

Durante o último trimestre do ano manteranse as viaxes de familiarización e as de prensa, destinadas a dar a coñecer o destino entre prescitores, que xa se veñen realizando en todo 2025. Están previstas unha viaxe de *influencers* de Australia ao Camiño Francés e Santiago en colaboración coa OET de Singapur; dúas de prensa -unha centrada no mercado coreano polo Camiño francés e Camiño Portugués e outra en colaboración coa OET de Lisboa no itinerario portugués da costa; e un de axentes á Vía da Prata.

Tamén para estes tres meses está programada unha viaxe de prensa especializada polo Camiño Francés e Camiño Portugués dirixida ao mercado coreano, en colaboración coa Oficina Española de Turismo (OET) de Tokio; outra viaxe coa OET dos Ánxeles e outra en colaboración coa OET de Nova York e Chicago polo Camiño do Norte e o Camiño Fisterra Muxía. Finalmente, estase a colaborar coas autoridades portuarias da Coruña e Vigo nunha acción promocional dirixida a compañías navieiras no mes de outubro.

O informe presentado no Consello da Xunta dá conta tamén da consolidación de produtos que se prevén para os últimos meses do ano. Destaca o bono turístico, que con 16.666 descargas se pode utilizar desde o 15 de setembro ata o 25 de decembro, e que logra mobilizar un total de 2,5M€ que irán directamente ao sector. Ademais, tamén enfila a recta final a campaña de Trens turísticos, e do 15 ao 25 de outubro celebrárase a acción “De Tapas por Galicia” en Oporto, que levará sete recoñecidos cociñeiros galegos ao Mercado de Bolhão da cidade lusa. A 19 edición do Outono gastronómico combina a gastronomía coa estadia nas casas rurais galegas para promocionar os destinos de interior e avanzar na desestacionalización do destino.

En todo 2025, o plan de promoción prevé o desenvolvemento de máis de 130 accións de promoción turística en ao redor de 30 mercados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA UN PLAN ESPECIAL DE VOLUNTARIADO EN OURENSE QUE DESPREGARÁ 700 PERSOAS EN ZONAS DANADAS POLO LUME PARA PREVER ARRASTRES E ALIMENTAR A FAUNA

- As intervencións faranse en fins de semana de outubro e na primeira de novembro en 12 concellos afectados polos incendios e con superficie dentro de espazos protexidos
- Os voluntarios encargaranse de distribuír auga e comida nestas zonas para fornecer de alimento os animais superviventes e colaborarán na colocación de acolchados de palla ou *mulching* para crear faixas que impidan a chegada das cinsas ás traídas
- Estas accións, promovidas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en coordinación coa de Cultura, Lingua e Xuventude, desenvolveranse en grupos de 25 persoas, ás que se lles ofrecerá manutención e aloxamento gratuítos
- A iniciativa complementará os labores de restauración do monte da Consellería do Medio Rural, os de organismos de conca como Augas de Galicia en contornas fluviais e os da Consellería de Medio Ambiente, co plan de alimentación da fauna silvestre

A Xunta activará en outubro un plan especial de voluntariado deseñado para contribuír á protección e recuperación daqueles concellos da provincia de Ourense que resultaron afectados polos incendios forestais do pasado verán e que contan dentro do seu territorio con espazos amparados baixo algunha figura de protección.

Un total de 700 persoas despregaranse en zonas seleccionadas dunha ducia de concellos ourensáns durante tres fins de semana de outubro e a primeira de novembro. Serán un total de 28 intervencións e organizaranse en grupos de 25 voluntarios, baixo a coordinación e supervisión de axentes ambientais e de persoal técnico da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O obxectivo deste plan de voluntariado é ofrecer unha resposta rápida a dous grandes problemas ocasionados polos incendios forestais: os problemas hidrolóxicos, de erosión e de contaminación dos solos, e as necesidades de alimentación da fauna silvestre supervivente.

De feito, unha das principais tarefas das persoas que participen nesta iniciativa será colaborar na colocación de acolchados de palla, fibras de madeira e outros materiais para crear faixas protectoras en zonas afectadas polo lume e con pendentes elevadas.

Esta técnica, coñecida como *mulching*, considérase a medida preventiva máis efectiva e rápida para minimizar os riscos de erosión tras un incendio, xa que nese momento a vexetación que protexe o solo desaparece e este queda máis exposto á chuva. Ademais, o lume pode xerar unha capa de terreo que repele a auga, polo que aumenta moito a escorrentía superficial provocando problemas hidrolóxicos que elevan o risco de erosión, ou transporte de cinsas e terra que poden afectar os ríos e as captacións de auga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, os voluntarios realizarán outras actuacións menores para a contención de terras con leña e pedras e aseguraranse de que non lle falte auga nin comida á fauna silvestre que sobreviviu ao lume en distintos puntos da provincia.

Neste sentido, cómpre indicar que nas grandes superficies queimadas adoita haber illas de vexetación verde en que os animais puideron resgardarse dos incendios e atopar refuxio temporal.

Aínda que moitas destas localizacións non son accesibles por terra para transportar o alimento, naqueles puntos cun relevo menos accidentado e onde é posible chegar a pé, repartiranse manualmente pacas de palla pequenas xunto con millo e outros cereais, así como pedras de sal que poidan cubrir as necesidades de achegas minerais e de hidratación que teñan algunhas especies tras vivir un episodio de estrés.

En todo caso, as tarefas de alimentación á fauna silvestre supervivente tras os últimos incendios veranse complementadas desde o aire. Con tal fin, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático contará desde esta semana cun helicóptero para distribuír pacas xigantes de palla (de 200 quilogramos ou máis) en zonas de difícil ou imposible acceso da provincia ourensá, con elevadas pendentes ou que implicarían realizar longos percorridos ata alcanzar os puntos de aplicación.

Ademais, cómpre lembrar que hai dúas semanas a Consellería puxo en marcha con persoal propio un plan de alimentación á fauna silvestre, cun orzamento estimado de 150.000 euros, para a repartición de alimento para a fauna silvestre en puntos estratéxicos dos concellos de Maceda, Oímbra, Monterrei, Cualedro e Laza. Polo de agora, lévanse distribuído case 5.000 kg de palla e máis de 300 kg de cereais nestes municipios co obxectivo de repartir un total de 31.000 kg de palla e 3.000 kg de cereais, cantidades que se poderían ampliar alí onde sexa necesario reforzar as achegas alimentarias.

Acción coordinada de dous departamentos

Cun orzamento de 200.000 euros, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático promove este plan especial de voluntariado en concellos afectados por grandes lumes en coordinación coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, que ten as competencias neste eido e coa que tamén colabora desde hai anos a través do programa de voluntariado ambiental interxeneracional en espazos protexidos.

En concreto, Medio Ambiente fará a selección dos lugares (tras a proposta dos concellos) e determinará as accións que se realizarán en cada caso; transportará e facilitará todo o material necesario para realizar as intervencións previstas (palla, alimento, ferramentas...); asumirá sobre o terreo a coordinación e asesoramento aos voluntarios e tamén cubrirá os gastos da súa manutención e aloxamento durante as xornadas de traballo.

Pola súa parte, Cultura encargárase da difusión destas accións a través da páxina web voluntariadogalego.org e con inscrición en liña, seleccionará e organizará os distintos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

grupos de voluntarios e contratará os correspondentes seguros para cubrir os participantes.

As primeiras accións voluntarias están previstas para a fin de semana do 10 ao 12 de outubro. En canto á planificación das diferentes localizacións e datas, concretaranse nos próximos días entre os dous departamentos autonómicos.

Estas accións focalizadas en determinados concellos de Ourense en que se rexistraron incendios o pasado verán complementarán o resto de labores de restauración, consolidación e prevención que xa está a realizar a Xunta en montes e contornas fluviais de áreas afectadas polos lumes.

Neste sentido, a Consellería do Medio Rural está repasando os cortes de buldócer realizados nos incendios para evitar o arrastre de cinsa ou outros elementos cara ás augas e, neste sentido, esta mesma semana iniciaranse os traballos de *mulching* nas zonas críticas xa identificadas, comezando polo incendio de Larouco. Tendo en conta a orografía da zona, a entrega de palla distribuirase por medios aéreos e sobre o terreo traballarán brigadas específicas. Este traballo tamén incluírá o repaso de pistas danadas, incluíndo as cunetas e as obras de paso para mellorar a capacidade de evacuación das augas.

A maiores, tamén se están realizando actuacións nos montes de xestión pública para dar saída á madeira queimada, de maneira directa e en colaboración coas comunidades de montes. Trátase dunha tarefa fundamental para evitar a súa perda e mesmo a xeración de problemas fitosanitarios.

Ademais, desde finais de agosto Augas de Galicia está a actuar nas marxes dos ríos para evitar a chegada de cinsas ás canles fluviais da Demarcación de Galicia-Costa en zonas danadas polo lume. En concreto, aplica distintas técnicas para crear barreiras anticontaminación, recorrendo principalmente a cordóns vexetais ou elementos de madeira aproveitando o propio material queimado dispoñible en cada zona.

Todas estas accións enmárcanse no programa de conservación e mantemento fluvial que ten desde hai anos Augas de Galicia, cun orzamento para 2025 de 2,7 millóns de euros e que fai posible traballar de xeito continuo a carón dos ríos. Grazas a isto, o organismo hidráulico autonómico ten unha capacidade de resposta que permite actuar con urxencia en caso necesario, como ocorreu tras os incendios deste verán.

Así, en menos dun mes xa acometeu e rematou as intervencións previstas en zonas queimadas de Ponteceso, Lousame, Toques e A Estrada, e está executando outras en Agolada, Meaño e Vilaboa, cun investimento total estimado de 75.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A FORMACIÓN PROFESIONAL CONSOLIDA O SEU LIDERADO CUN NOVO RÉCORD HISTÓRICO DE MATRICULADOS AO SUPERAR OS 71.200 ALUMNOS ESTE CURSO

- Salienta que a matrícula medra en todas as modalidades de FP, en todas as provincias e tanto nas cidades coma no rural
- Sinala que Galicia conta este curso con máis do dobre de alumnos en FP que no curso 2008/09
- As titulacións de alta especialización, exclusivas de Galicia, así como os másteres de FP, lideran o incremento de matrículas cunha suba do 30% e do 24,5% respectivamente
- Os ciclos de grao superior son as que concentran o maior número de estudantes, co 54,3% das matrículas, aínda que tamén medran os ciclos medios e a FP básica
- A modalidade dual Intensiva, onde a relación coa empresa é aínda máis estreita, incrementa un 14,6% o número de estudantes matriculados
- As novas vías de FP básica para adultos e FP adaptada para colectivos vulnerables, que arrancan de xeito experimental este curso, enchen as prazas ofertadas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que Galicia acadou este curso un novo récord histórico de alumnos en Formación Profesional con máis de 71.200 matriculados, o que supón un incremento do 3,5% (2.406 estudantes máis) con respecto ao ano pasado, e máis do dobre que no curso 2008/09 (34.746 matriculados).

Tal e como explicou Rueda, o informe sobre a matrícula elevado hoxe ao Consello, revela que o crecemento de matrículas é un éxito xeneralizado “en todas as modalidades, provincias e ámbitos, tanto nas cidades coma no rural”. Un incremento froito da aposta da Xunta por “axeitar a oferta formativa á demanda do mercado”, o que fai que estas ensinanzas estean a vivir unha “revolución silenciosa”, indicou.

Non en balde, tras o reforzo da tecnificación e a alta cualificación a través de propostas como os másteres de alta especialización, este curso dáse un novo chanzo na formación á carta coa implantación das formacións aceleradas, unha vía formativa exclusiva de Galicia, rápida e concentrada en tres ou catro; a FP básica para adultos, dirixida á recualificación de persoas que no seu día abandonaron os estudos e precisan formarse de novo, e a FP básica adaptada, deseñada para os colectivos vulnerables, de xeito que estas persoas permanezan no sistema educativo máis aló das etapas obrigatorias de formación.

Maior demanda de graos superiores e alta especialización

Aínda que medran todas as modalidades formativas, os ciclos de grao superior son os que concentran o maior número de estudantes, con 37.834 matriculados (o 54,3% do total de alumnos na FP galega), o que supón 960 persoas máis que o pasado curso. Nos ciclos formativos de grao medio hai 26.254 persoas matriculadas (3,8% máis) e 5638 persoas nos ciclos formativos básicos (un aumento do 4%).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, seguen afianzándose “as titulacións de alta especialización, exclusivas de Galicia,” así como os másteres de FP. No primeiro dos casos, este tipo de formacións acadan este curso un incremento do 30% entre as 31 titulacións deste tipo ofertadas. Trátase de titulacións exclusivas de Galicia que foron deseñadas atendendo a unha demanda específica por parte do sistema produtivo co deseño de propostas *ad hoc* e que este ano foron especialmente reforzadas por parte da consellería.

O mesmo acontece cos másteres de FP, cuxa matrícula volve incrementarse este ano tamén cunha suba da demanda do 24,5%, así como a modalidade de FP dual intensiva, que acada un incremento de matriculados do 14,6%.

Boa acollida da FP básica de adultos e da FP adaptada

Rueda tamén salientou “a boa acollida” que tamén se constata nas novas vías formativas implantadas por primeira vez este curso ao abeiro do Plan FPGal360 de orientación profesional, pensadas para as persoas que no seu día abandonaron os estudos e que hoxe queren recualificarse, así como para que os colectivos vulnerables permanezan no sistema educativo formándose máis aló da etapa obrigatoria.

No primeiro dos casos circunscríbese a FP básica para adultos, que se estrea con 34 alumnos no ciclo Básico de Mantemento de Vehículos, a razón de 20 do CIFP Ferrolterra (onde se cubriron a totalidade das prazas ofertadas) e outros 14 no Centro de Educación e Promoción de Adultos EPAPU Berbés en Vigo.

No caso da FP adaptada para colectivos vulnerables, estréase no centro do Berbés con 11 persoas cursando o programa formativo básico de Comercio.

Así mesmo, estréanse as primeiras 162 persoas nas formacións aceleradas da quenda de setembro a xaneiro, unha vía tamén innovadora este ano e, por isto, aínda non tan coñecida. A finais de ano abrírase a matrícula para a segunda quenda destas formacións, que se corresponde ao período xaneiro-xuño.

Estas formacións aceleradas son proposta pioneira e exclusiva de Galicia de formación rápida concentrada nun período de entre catro e seis meses de duración. A súa finalidade é mellorar a cualificación das persoas e abrírlles as portas ao mercado laboral en sectores que precisan profesionais para traballar.

Demanda alcista no rural e en todas as provincias

No que atinxe á distribución territorial, cómpre destacar que o reforzo da oferta de FP no rural se reflicte nun incremento de matrícula do 4,5%, ata acadar as 8.115 persoas matriculadas. Esta suba vai parella co deseño dunha oferta obxectiva, realista, actualizada e axustada ás necesidades do eido rural, onde este ano os estudantes puideron escoller entre un total de 8.230 prazas, 599 máis que o pasado ano. Nas zonas urbanas rexistráronse 63.114 matrículas, cun aumento do 3,4%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A matrícula aumenta tamén en todas as provincias a razón de 31.216 persoas matriculadas na Coruña (+3,3%), 7.282 en Lugo (+4,1%), 6.565 en Ourense (+5,1%) e 26.166 en Pontevedra (+3,1%).

Atendendo ás áreas territoriais, a que máis medra é a de Lemos-Chantada-Quiroga (+8,2%), seguida da de Pontevedra (+7,4%) e Valdeorras-Trives-Caldelas-Viana (+7%).

Así pois, Galicia continúa avanzando na consolidación dun modelo educativo propio onde a igualdade de oportunidades, independentemente de onde se viva, é un dos seus sinais de identidade.

Familias profesionais

No que atinxe ás familias profesionais, a matrícula medra en 16 do total das 25 que se poden estudar en Galicia. As subas máis salientables son as de Seguridade e ambiente (+99,4%), Têxtil, confección e pel (+12,3%), Actividades físicas e deportivas (+11,3%) e Edificación e obra civil (+10,7%).

Non obstante, o maior número de alumnos concéntranse os ciclos da familia de Sanidade, con 10.604 persoas matriculadas, seguido do de Administración e xestión con 9.361 matrículas e Informática e comunicacións con 8.572 matriculados.

A Rede de centros integrados de FP como polo tractor

Por outra parte, a Rede de centros integrados de FP (CIFP) conformada por 28 centros (en 2009 había 9), segue a exercer de polo tractor da formación profesional en Galicia ao aglutinar 29.177 alumnos.

Isto significa que cinco de cada dez estudantes que optan pola FP elixen estes centros para cursar os seus estudos, estando á cabeza o CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña con 2.702 matriculados, seguido do CIFP Politécnico de Lugo (1.816 matrículas), CIFP Someso da Coruña (1.635 matrículas), CIFP Manuel Antonio de Vigo (1.614 matrículas) e CIFP Portovello de Ourense (1.562 matrículas).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PREPARA UNHA NOVA ORDE DE AXUDAS PARA A CREAÇÃO DE ATA OITO NOVAS UNIDADES DE ATENCIÓN TEMPERÁ

- A convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia o vindeiro mes de outubro e estará dotada de 1,1 millóns de euros
- Un informe sobre este servizo destaca o seu crecemento nos últimos anos, pasando de dúas unidades en 2009 a 51 na actualidade, que dan cobertura a case 200 concellos e atención a máis de 6.000 familias.

A Xunta publicará o vindeiro mes de outubro no *Diario Oficial de Galicia* unha nova convocatoria de axudas para a creación de novas unidades de atención temperá, un servizo público para a prevención, detección e tratamento de problemas de desenvolvemento en nenos e nenas de 0 a 6 anos. Destinaranse 1,1 millóns de euros a esta liña de achegas coas que se poderán financiar entre seis e oito novos servizos.

Así se recolle nun informe da Consellería de Política Social e Igualdade sobre a situación da Rede galega de atención temperá que hoxe avaliou o Consello. Nel constátase o importante crecemento que nos últimos anos está a ter esta rede, que pasou de contar con dúas unidades que cubrían soamente 14 concellos e atendían 160 familias en 2009 a dispoñer na actualidade de 51 unidades que atenden 196 concellos e que chegan a máis de 6.000 familias. A este rede de unidades destínanse máis de 8 millóns de euros ao ano e a ela haille que sumar os servizos de atención temperá que hai nos principais hospitais da comunidade, así como os equipos de orientación específicos de Educación.

Ademais, o documento avanza outras novidades neste ámbito. A Consellería de Política Social e Igualdade traballa na redacción dunha orde para a acreditación dos centros, coa finalidade de que todas as unidades contén cuns requisitos de calidade comúns. Tamén se actualizará o actual Protocolo autonómico de intervención, coordinación e derivación, que está vixente desde hai dez anos. Esta renovación farase en consenso coas entidades, concellos, colexios profesionais e familias, e ten como obxectivo promover a mellora continua dos servizos para dar resposta aos novos retos que xurdan.

Por último, o informe dá conta da próxima apertura do que será o primeiro servizo de atención temperá e postemperá de Galicia, ao que poderán acudir nenas e nenos de 0 a 12 anos. Estará situado no edificio Gota de Leite de Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO PARA EXECUTAR UNHA NOVA SENDA NA ESTRADA AUTONÓMICA PO-303 EN SAMIEIRA, NO CONCELLO DE POIO

- A actuación suporá un investimento estimado duns 1,6M€ e permitirá habilitar un itinerario de 1,3 quilómetros de lonxitude, no treito desta vía entre Tarrío e Arén, co fin de fomentar a mobilidade sustentable e mellorar a seguridade viaria
- O Goberno galego prevé someter nos vindeiros días este proxecto a información pública e estima poder aprobalo no primeiro trimestre de 2026, para a continuación poder realizar as expropiacións e licitar as obras xa no mesmo ano
- Esta intervención forma parte da 2ª fase do Plan de sendas de Galicia, que inclúe a execución de máis de 120 quilómetros de itinerarios nas estradas autonómicas, cun orzamento de 69,7M€

O Consello da Xunta acordou hoxe someter a información pública o proxecto para habilitar unha nova senda na estrada autonómica PO-303 ao seu paso por Samieira, no concello de Poio, cuxa execución suporá un investimento estimado de 1.654.196 euros.

O obxecto da actuación é a execución dunha senda peonil de 1.300 metros de lonxitude, no treito da PO- 303, entre Tarrío e Arén, co fin de fomentar a mobilidade sustentable e mellorar a seguridade viaria da estrada, tanto desde o punto de vista do peón coma do tráfico rodado.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter nos vindeiros días este proxecto a información pública, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para os efectos expropiatorios, por un prazo de 1 mes. Nesta intervención é necesario expropiar 62 predios, cunha superficie total de case 3.600 m².

A previsión é poder aprobar o proxecto no primeiro trimestre de 2026 para, a continuación, poder realizar as expropiacións e licitar as obras tamén no mesmo ano.

Descrición do proxecto

En concreto, a intervención definida polo Departamento de Infraestruturas da Xunta na PO-303 céntrase no treito comprendido entre os puntos quilométricos 0+460, onde rematan as actuais beirarrúas, e o punto quilométrico 1+760. O ámbito de actuación orixinal era ata o punto 0+940, pero estendeuse de modo que tamén se dea acceso peonil seguro ao lavadoiro público de Arén e ao propio núcleo de Arén.

A senda que se configurará no treito de actuación terá un pavimento de formigón en cor, cun largo mínimo de 1,80 metros de modo que se asegure a súa accesibilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste proxecto inclúese a reposición dos servizos que se vexan afectados pola execución da senda.

O Goberno galego mantén o seu compromiso co Concello de Poio na mellora da seguridade viaria e da mobilidade sustentable nesta estrada PO-303, como tamén na estrada PO-308.

Plan de sendas de Galicia

Esta nova actuación da Xunta no concello de Poio inclúese na segunda fase do Plan de sendas de Galicia, que suporá a execución de máis de 120 quilómetros de itinerarios nas estradas autonómicas ata o vindeiro ano 2027, cun orzamento de 69,7M€. Esta nova intervención na PO-303 financiarase con fondos Feder 21/27.

O Goberno galego dálle así continuidade á 1ª fase do Plan, que xa permitiu acometer case 300 quilómetros de novas sendas e beirarrúas cun investimento de preto de 144 M€, e que foi recentemente distinguido nos premios europeos á excelencia na seguridade viaria 2024, impulsados pola *European Road Safety Charter* (ERSC).

Plano do treito da PO-303 que se somete a información pública:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA ESTE ANO A REHABILITACIÓN DE 39 VIVENDAS MUNICIPAIS EN 24 CONCELLOS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,8 M€ FINANCIADOS CON FONDOS PROPIOS

- Trátase de mobilizar recursos propios en favor da cohesión territorial e social, recuperándose vivendas en desuso para destinalas ao alugueiro accesible, apoiando aos concellos no seu labor e contribuíndo a fixar poboación, especialmente no rural
- As vivendas resultantes adxudícaranse en alugueiro a unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM, contribuíndo a garantir o acceso á vivenda a quen máis o precisa
- Desde 2017, o goberno galego concedeu axudas aos concellos para a rehabilitación de 316 vivendas de titularidade municipal en 82 concellos, cun investimento superior aos 12 M€
- O goberno galego continúa a transformar o patrimonio infrautilizado en fogares accesibles para as familias; ao tempo que apoia aos concellos reforzando o dereito á vivenda e contribuíndo a manter vivos os centros históricos, vilas e aldeas

O Goberno galego continúa a reforzar o seu compromiso coa vivenda pública e cos concellos a través dunha das liñas de axudas dinamizadoras do rural, financiada exclusivamente con fondos autonómicos. Só neste ano, a Xunta de Galicia destina máis de 1,8 M€ á rehabilitación de 39 vivendas de titularidade municipal en 24 concellos, co obxectivo de incrementar a oferta de vivenda en alugueiro accesible e garantir o acceso a un fogar digno a persoas e familias con maiores dificultades.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas sobre as axudas para a rehabilitación de edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino o alugamento social. Trátase dunha iniciativa que pon de manifesto a aposta decidida do Executivo autonómico por mobilizar recursos propios en favor da cohesión territorial e social, favorecendo o acceso á vivenda a colectivos como a mocidade (menores de 36 anos), como ás persoas maiores de 65 anos.

Nesta última convocatoria, cuxo prazo de solicitude rematou o pasado 3 de xuño, das 39 axudas que se outorgaron para a renovación de vivendas de titularidade municipal, adxudicáronse na provincia de Ourense 17 axudas en 15 concellos, 7 axudas noutros tantos concellos de Lugo, e na Coruña (1) e na Lugo (1), respectivamente.

Potenciar o patrimonio municipal e fixar poboación

Cómpre lembrar que moitos concellos galegos dispoñen dun patrimonio edificatorio infrautilizado que pode ser obxecto de uso residencial mediante actuacións de rehabilitación. A través deste programa o Goberno galego permite recuperar vivendas en desuso e destinalas ao alugueiro accesible, apoiando aos concellos no seu labor e contribuíndo a fixar poboación, especialmente no rural.

Ademais, este modelo facilita que inmobles con valor histórico ou patrimonial se poñan ao servizo das persoas, garantindo un uso social e evitando o seu deterioro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Apoio directo aos concellos do rural

Nesta convocatoria do 2025, a Xunta de Galicia ampliou ademais o alcance desta iniciativa, de xeito que agora poden acceder ás axudas os municipios de ata 30.000 habitantes, fronte ao límite anterior de 20.000. Isto supón un impulso especial para os concellos do rural, que atopan nesta medida unha ferramenta eficaz para recuperar patrimonio en desuso, dinamizar os seus centros históricos e fixar poboación nova.

As vivendas resultantes adxudicaranse en alugueiro a unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM, contribuíndo a garantir o acceso á vivenda a quen máis o precisa.

Condicións vantaxosas para rehabilitar

As subvencións poden cubrir ata o 95% do orzamento protexido das obras, cun máximo de 50.000 euros por vivenda rehabilitada, ou 55.000 euros no caso de inmobles situados en ámbitos históricos, nos Camiños de Santiago ou na Ribeira Sacra. Se o inmovle está localizado nunha área Rexurbe, as contías increméntanse en 2.000 euros adicionais por vivenda.

Compromiso a longo prazo

Desde 2017, o goberno galego concedeu axudas para a rehabilitación de 316 vivendas de titularidade municipal en 82 concellos, cun investimento superior aos 12 millóns de euros. Esta traxectoria confirma a vontade da Xunta de Galicia de facer da política de vivenda unha ferramenta clave para revitalizar o rural galego, protexer o patrimonio e avanzar cara a unha Galicia máis cohesionada e con maior calidade de vida.

Deste xeito, o Goberno galego mantén o obxectivo de continuar a transformar un patrimonio infrautilizado en fogares accesibles para as familias galegas; ao tempo que se apoia aos concellos, reforzando o dereito á vivenda e contribuíndo a manter vivos os centros históricos, vilas e aldeas.

Esta liña de axudas encaixa nunha estratexia máis ampla da Xunta de Galicia, que ten como eixos fundamentais: rehabilitar o patrimonio construído para poñelo ao servizo das persoas, fixar poboación no rural, ofrecendo alternativas residenciais accesibles e de calidade, e apoiar á mocidade e ás persoas maiores, facilitando solucións habitacionais adaptadas ás súas necesidades. Isto, ao tempo que se impulsa o parque público de vivenda, que suma xa preto de 3.000 novas vivendas en marcha.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA APERTURA DAS NOVAS OFICINAS DE EMPREGO DE MONFORTE DE LEMOS, SARRIA, OURENSE A PONTE E FERROL CENTRO E NAS MELLORAS DA DE SANTIAGO CENTRO

- O Consello da Xunta analizou hoxe senllos informes sobre as próximas licitacións, por unha banda, do acondicionamento da oficina de Monforte, que tamén albergará o Polo de emprendemento e, por outra, da redacción dos proxectos do resto de instalacións
- Todas as obras, agás as de Ferrol e Santiago, suporán cambio de localización desde inmobles alugados a novos locais propiedade da Xunta, redundando no aforro para a Administración autonómica e na mellora da atención á cidadanía desas contornas
- Grazas ás actuacións, enmarcadas na modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia, reforzaranse servizos como a xestión de ofertas de traballo, a formación para o emprego ou a orientación laboral, así como o apoio ao emprendemento
- Máis aló das melloras en infraestruturas, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración avanza na dixitalización do SPEG a través de EMI, ferramenta de IA que xa permitiu o perfilado competencial de máis de 76.400 demandantes de emprego

O Consello da Xunta analizou hoxe senllos informes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre as próximas licitacións, por unha banda, da obra de acondicionamento da nova oficina de emprego de Monforte de Lemos —que tamén albergará o Polo de emprendemento da localidade— e, por outra, da redacción dos proxectos das oficinas de Sarria, Ourense A Ponte, Santiago centro e Ferrol centro, neste último caso, que acollerá ademais o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC). Todas as obras, agás a ferrolá e a compostelá, suporán cambio de localización desde inmobles alugados a novos locais propiedade da Xunta de Galicia, o que redundará no aforro para a Administración autonómica e na mellora da atención á cidadanía desas contornas tanto en prol da empregabilidade como do emprendemento que contribúe a dinamizar o territorio.

No caso da rehabilitación do local de Monforte, o orzamento base de licitación supera o millón de euros. Canto ao orzamento para a redacción dos proxectos básicos e de execución para o acondicionamento do resto de oficinas, é superior aos 320.000 euros.

Oficina de emprego e Polo de emprendemento de Monforte de Lemos

Os traballos que se licitarán en breve para Monforte suporán adaptar o inmoble da rúa Doutor Casares núm. 132, con 570,80 m² de superficie útil, ás novas necesidades operativas da oficina de emprego e do Polo, de xeito que se lle dará continuidade —por un lado— ao labor da actual oficina, que presta servizos de inscrición de demandantes de traballo, xestión de ofertas laborais e de formación para o emprego, orientación laboral e rexistro de contratos, compartindo espazo co Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), que xestiona as prestacións por desemprego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se potenciará o labor do Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Monforte, con senllas zonas de traballo compartido e de fabricación dixital á disposición das persoas emprendedoras. Un Polo que leva atendido –desde a súa posta en marcha a finais de 2022– uns 300 proxectos empresariais, no marco dos máis de mil asesorados na provincia de Lugo. Por sectores, predomina a hostalaría (22 %), seguida do comercio (17 %) e dos servizos (16 %). Ás persoas emprendedoras que se achegaron ao Polo monfortino (53 % mulleres e 47 % homes) prestáronselles case 900 titorías, a maioría de xeito presencial.

Redacción proxectos de Sarria, Ourense A Ponte, Ferrol centro e Santiago centro

Sobre a redacción dos proxectos, en Sarria refírese ao local da rúa Formigueiros núm. 73 - baixo, con 375 m² construídos, mentres en Ourense A Ponte o traslado da oficina de emprego será á rúa Río Corzos núm. 2, con dous andares e unha superficie útil de 1.414 m².

No caso de Ferrol centro, actualmente situada no edificio administrativo da Xunta en Ferrol, o novo inmore que acollerá a oficina de emprego e o SMAC sitúase no edificio Pita Romero (Galerías Ferrol), entre a rúa Galiano e a rúa Real, cunha superficie construída de 1.402 m² distribuídos en tres andares. Por último, a oficina de Santiago centro da rúa Ramón Piñeiro núm. 7 – 9 manterá a localización, cunha superficie útil de 480 m² na planta baixa e de 219 m² no semisoto que incorporarán melloras como unha nova distribución e cambios na iluminación, climatización, ventilación, electricidade e telecomunicacións.

Potenciación do SPEG e do emprego de calidade

As obras forman parte do proceso de modernización do SPEG que está a impulsar a Xunta, con máis de 8 M€ este ano para accións como o reforzo do servizo de orientación laboral e prospección empresarial ou a potenciación de EMi, a ferramenta de intelixencia artificial dispoñible nas 54 oficinas de emprego galegas e galardoada pola Comisión Europea. Esta ferramenta permitiu, desde setembro de 2024, o perfilado competencial de máis de 76.400 persoas ás que se lles detectaron as competencias que deben traballar para axustarse ás demandas das empresas, superando o obxectivo marcado de 70.000 nun ano.

Todas estas melloras perseguen favorecer a empregabilidade, tanto por conta allea como por conta propia, neste último caso, en colaboración coa Rede de polos de emprendemento que ten 15 centros e que leva atendido máis de 4.800 proxectos en toda Galicia. Por sectores, predominan os servizos (17 %), seguidos do comercio (16 %) e da hostalaría (15 %). Ás persoas emprendedoras que se achegaron a estas oficinas (58 % mulleres e 42 % homes) prestáronselles máis de 14.100 titorías.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

UN TOTAL DE 129 PROXECTOS DE PROPIETARIOS DE BUQUES SE BENEFICIAN DOS CASE 8 M€ QUE A XUNTA DESTINA A PROMOVER A PESCA SUSTENTABLE

- As actuacións subvencionadas permiten mellorar as condicións de traballo e a calidade de vida a bordo, a eficiencia enerxética e a redución das emisións de CO₂, así como a economía circular e a seguridade alimentaria
- Con estes apoios, cofinanciados polo Fempa, o Goberno galego contribúe tamén a asegurar a remuda xeracional
- Esta convocatoria para investimentos en buques de pesca, a primeira do actual fondo europeo, supera o total do concedido en todo o período do anterior marco financeiro (Femp)

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao informe en que se dá conta da relación de proxectos de propietarios de buques pesqueiros, destinados ao fomento da pesca sustentable, e que son subvencionados pola Consellería do Mar, a través do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

Segundo se desprende do documento, un total de 129 actuacións benefíciase destas axudas coas que o Goberno galego contribúe tamén a asegurar a remuda xeracional. Así, as accións subvencionables están relacionadas coa diminución do efecto da acción da pesca nos ecosistemas mariños, coa mellora das condicións laborais e de seguridade a bordo, buscando, en paralelo, o aumento da eficacia enerxética, a redución de emisións de CO₂, e promovendo a economía circular e a seguridade alimentaria.

Este tipo de apoios son unha mostra máis do interese de Galicia polo coidado ambiental do mar e dos profesionais que dependen del e, por tanto, do equilibrio entre os criterios ambientais e socioeconómicos para promover a competitividade da actividade marítimo-pesqueira.

Estas axudas son unha herdanza do anterior fondo europeo (Femp), coa novidade de que o actual inclúe, precisamente, dúas novas liñas de axudas para o proxectos indicados, e que contribúen ao aumento da capacidade dos buques a bordo, promovendo unhas condicións para o sector da pesca, a acuicultura e a transformación economicamente viables, competitivas e atractivas, ademais da neutralidade climática. Por iso, é obxecto destas novas liñas de axudas a frota pesqueira artesanal.

Esta convocatoria para investimentos en buques de pesca, a primeira do Fempa, supera o total do concedido ao abeiro do anterior marco financeiro (Femp), cuxo período de vixencia foi desde 2014 ata 2020.